


Problemas da auga


A auga pode ser alterada facilmente cando se introduce nela calquera forma de materia, enerxía ou microorganismos que a converten en auga de mala calidade para usos posteriores ou para cumprir a súa función ecolóxica.



A contaminación da auga pode ter a súa orixe en múltiples actividades urbanas, industriais, agro-gandeiras, accidentes...




O 30% dos tramos fluviais de todo o mundo están contaminados.



PRINCIPAIS EFECTOS DA CONTAMINACIÓN DA AUGA:

- Modificacións das súas características físicas e químicas.
- Diminución do osíxeno disolto.
- Desaxustes nos ciclos vitais nos organismos.
- Alteracións nos ecosistemas.
- Enfermidades (tifo, cólera, gastroenterite, disentería...)



Escherichia coli, bacteria causante da diarrea que se atopa nas augas contaminadas.




O PALUDISMO ou malaria é a enfermidade asociada á auga máis estendida do mundo. Está causada por un protozoo que se transmite pola picadura do mosquito Anopheles. Hai máis de 200 millóns de afectados e produce dous millóns de mortes ao ano.



Protozoo da malaria atacando ós glóbulos vermellos.

Máis de 2.000 millóns de persoas padecen enfermidades por non ter acceso á auga de calidade.

Cada ano morren cinco millóns de persoas a causa de enfermidades relacionadas coa auga.




A CHUVIA ÁCIDA prodúcese cando os óxidos de xofre e nitróxeno orixinados nas combustións se mesturan coa auga da chuva e convértese en ácidos. A auga da chuva ácida contamina todo o ambiente e causa danos nas plantas, nos animais e nos edificios.



Eutrofización no encoro do Umia

A EUTROFIZACIÓN é un proceso que afecta a lagos e ríos de pouca corrente. Prodúcese cando se achegan á auga unha cantidade excesiva de nutrientes que provocan o seu desequilibrio.



PROCESO DE EUTROFIZACIÓN:
 1- A auga recibe achegas procedentes de fertilizantes agrícolas, industrias agropecuarias, residuos domésticos (fósforo, nitróxeno...)
 2- Desenvólvese gran cantidade de fitoplanto, o que lle da a auga unha cor verdosa e impide o paso da luz, ao tempo que gran cantidade de bacterias consumen o osíxeno.
 3- Coa falta de osíxeno prodúcese fermentacións que lle dan á auga olor a podre.